

ndel

ACTOR & CREADOR DESDE 1997



Boas, son Ricardo de Barreiro, un illote humano que vive e crea de xeito autodidacta.

Comecei a miña vida artística no ano 1997 entre as paredes sen recebar dun pequeno espazo cedido por Paca, miña nai, e por Ricardo, meu pai. Desde alí, desde o pequeno e o íntimo, fun navegando a contracorrente e arribando a portos de todo tipo. Fixen series televisivas, películas que veu todo o mundo ou que non veu ninguén, pezas de teatro que me cambiaron por dentro e por fóra, contadas en bares que me fixeron medrar a marchas forzadas, exposicións en centros sociais e en lugares cando menos alternativos, moitos textos para saír a flote, e dous libros publicados sobre o desamor e tamén sobre algo moito máis suxestivo e bravío: o amor.

No ano 2018 expoño por primeira vez nunha galería feita á miña medida: Os catro gatos, en Compostela. E todo cambia, A partir daí, con ilusión e vertixe a partes iguais, comezo o camiño de regreso para volver a min, ao meu espazo aínda en ladrillo no que todo comezou tempo atrás, para recebar todas e cada unha das paredes que me constrúen por dentro.

E niso ando.



Ao longo destes anos actuei en películas como El desconocido, Celda 211, Somos gente honrada, Encallados, Lobos sucios, 18 comidas, Los girasoles ciegos, After, Siete mesas de billar francés, Pájaros de papel, Vilamor, Pradolongo, Carlitos y el campo de los sueños, Sea beasts, ou La sombra de la ley.


Tamén xoguei en pezas de teatro como Merda, A piragua, As actas escuras, ou Sobre o desamor e outras mariconadas.

E fixen series de ficción como Matalobos, Luci, Lo que escondían sus ojos, Augasquentes ou Fariña.

Pero sobre todo, escribín e pinteí.

E por enriba de todo, pinto e escribo.

ESTE É O MEU AUDIO-LIBRO





“

Esta é unha viaxe extraordinaria pola marea máis suxestiva e bravía: o amor.

Esta é a historia de dúas persoas anónimas que se encontran neste planeta e que deciden contar a súa propia historia anónima de amor.

E xa son máis de 500 mariñeir*s *s que surcan este mar canda nós.

E xa van máis de 600 espectador*s .

E xa é unha realidade a SEGUNDA EDICIÓN DE A+A!



A performance-presentación

tén unha duración aproximada de 1 hora dividida en dúas partes: unha primeira parte na que, de xeito informal e distendido, se explica o porqué e como se fixo este audio-caderno, e unha segunda na que, despois de apagar todas as luces do espazo, faise a lectura dos poemas de A+A dun xeito intimista e emocionante.





“

Necesitamos un espazo interior con aforo para 50 persoas como máximo, no que se disporán as cadeiras no propio inicio da presentación a gusto da xente asistente e do propio artista. Este espazo deberá ter a posibilidade de quedar a escuras (ou en penumbra). Tamén necesitamos cadeiras encartables ou fáciles de mover, unha mesa, e unha toma de corrente,



Importante: Poderemos vender os exemplares do audio-libro con total liberdade e sen pagar ningunha porcentaxe das vendas.

*Esta viaxe non é apta para público infantil.



“

Máis nada. Moitas gracias pola atención.
E boa marea!



WWW.CULTURACTIVA.ORG
0034 981 582 836
info@culturactiva.org